

ANTE AS ÚLTIMAS MEDIDAS DO GOBERNO PARA PARALIZAR O **COVID-19**

[29/03/2020]



**SE TRABALLAMOS EN PLENA CRISE SANITARIA. SE NOS ESFORZAMOS.
SE NOS EXPOÑEMOS Á ENFERMIDADE. POR QUE IMOS PAGAR?**


A CNT solicitou ao Goberno, a través dunha carta, que se defenderan os postos de traballo e que se considerasen, con presunción de nulidade, todos os despedimentos realizados durante o estado de alarma. Esta é a única forma de protexer o emprego, pero o que realmente realizou o Goberno, é una forma de legalizar o despedimento a través dunha fraude. Decidiu que as medidas nas que se amparan as suspensións de contratos e a redución de xornada non son xustificativas para poder despedir, polo tanto, considera que o despedimento é IMPROCEDENTE, o que significa que as persoas traballadoras serán despedidas, e que o seu despedimento será improcedente, pero o emprego non foi defendido con esta medida.

Se entendemos esta norma, como unha das causas que xustifican a defensa do emprego, con esta medida non se consegue. Por isto, dende CNT, esiximos que se tome a medida adecuada, que o DESPEDIMENTO SEXA DECLARADO NULO. Unicamente desta maneira se pode defender o emprego e, aínda que o Goberno o sabe perfectamente, insiste en non defender o emprego e, polo tanto, os intereses da Sociedade.

A última medida levada a cabo polo Goberno, é o permiso retribuído recuperable. Cremos que é unha forma errónea de cualificar esta medida, xa que, **non é un permiso retribuído**, porque, ao final, débese recuperar, non é un permiso, xa que **os traballadores e traballadoras**, deben realizar horas extra para **pagar este "paro obrigatorio"**.

Unha vez máis, non se ten en conta á parte máis débil, á clase que se está a xogar diariamente, nesta crise, a vida e a saúde. Se nos obrigan a non ir e a pagar, con máis esforzo do que xa estamos realizando, estas horas. Este é outro exemplo de como se está xestionando esta crise pola parte do Goberno. **Esixirlle máis á clase traballadora.**

O Goberno non se atreve a esixir un pequeno esforzo a aqueles que máis teñen. Por isto, CNT redobrará esforzos para garantir que a seguridade e a saúde das persoas traballadoras e a sociedade en xeral, estean por diante dos intereses económicos das grandes fortunas e mercados.



Un dos cambios máis radicais que está realizando o Goberno, e se pode verificar en cada medida, é na negociación colectiva. Quere que os sindicatos maioritarios negocien, está facilitando a estes sindicatos, aínda que non teñan presenza no centro de traballo, para que sen ningún tipo de pudor asinen os ERTÉs, ou como na última medida, que negocien a forma de recuperar as horas do “paro obrigatorio”. Debido a que non é OBRIGATORIO recuperar estas horas, se non que depende da negociación colectiva, e se as deixamos en mans de sindicatos sen presenza na empresa, descoñecidos para o persoal, firmarán facilmente que se recuperen todas as horas. Por isto, dende CNT, facemos un chamamento **a todos os traballadores e traballadoras**, para que **SE POÑAN EN CONTACTO COA CNT MÁIS PRÓXIMA**, realicen asembleas de centro de traballo e **NON SE FIRME RECUPERAR TODAS AS HORAS**.

Os traballadores e as traballadoras somos os mesmos aos que se nos aplaude diariamente, pero cando se nos ten que recompensar polo noso labor e o noso sacrificio, non se nos axuda, obrígnanos a que sigamos pagando. Se nos obrigan a parar non debemos ser quen o terminemos pagando.

SOMOS OS E AS HEROÍNAS DA LOITA CONTRA O COVID-19,
A CNT NON ASINA A RECUPERACIÓN DESTAS HORAS. DÉBENNOLO.

CONFEDERACIÓN NACIONAL DO TRABALLO - www.cnt.es

